

Información precontractual

Servicios de recepción e transmisión de ordes, execución, custodia e administración de valores.

Este documento non é un contrato e, polo tanto, non xera ningunha obriga nin dereito. A única finalidade deste documento é axudarlle a entender que é e como funcionan os servizos de recepción e transmisión de ordes, execución, custodia e administración de valores (de agora en diante, o Servizo).

Débeo ler detidamente e asinalo para deixar constancia de que o banco llo entregou e o/a informou sobre o servizo antes de contratalo.



Se unha vez lido este documento non comprende os seus termos, non dubide en consultar coa súa oficina para que lle proporcione calquera explicación ou información adicional, pero non o contrate sen se asegurar de que comprende o seu contido.

ENTIDADE QUE PRESTA O SERVIZO DE INVESTIMENTO E SERVIZOS AUXILIARES

Vostede debe coñecer certa información do BBVA, xa que imos ser a entidade que lle vai prestar os servizos.

- **Datos sobre o BBVA:** Estamos rexistrados no Rexistro Mercantil de Biscaia co CIF A-48265169 e domicilio social en Bilbao na Plaza de San Nicolás nº. 4 (www.bbva.es).
- **Entidades supervisoras:** Figuramos no Rexistro de Entidades do Banco de España co nº. 0182 e estamos habilitados para prestar servizos de investimento baixo a supervisión do Banco de España (www.bde.es) e da Comisión Nacional do Mercado de Valores (www.cnmv.es).
- **Como nos imos comunicar:** As comunicacións e o envío de información entre nós será no mesmo idioma en que se subscriba o contrato e por calquera medio cuxa seguridade e confidencialidade estea probada e permita reproducir a información en soporte papel. Poderemos facilitar as comunicacións por correo electrónico ao enderezo que teñamos validado en cada momento, a dispositivos móbiles ou a través do web www.bbva.es, ou por correo postal.
- **Conflitos de intereses:** No BBVA somos transparentes cos nosos conflitos de intereses e temos unha política na que:
 - os identificamos e
 - os tratamos con medidas de prevención, de xestión e con procedementos de actuación para a súa resolución.

En último termo, se as medidas adoptadas para xestionar un conflito concreto non son suficientes para garantir, con razoable certeza, que se previrán os riscos, revelarémolle a natureza ou a orixe do conflito antes de actuar pola súa conta, de modo que poida tomar a decisión que estime máis conveniente con respecto ao servizo que se lle preste ou ofrezca.

Ten á súa disposición o detalle sobre esta política no noso web www.bbva.es

- **Custodia de activos:** O BBVA pon a disposición dos seus clientes, para consulta, a súa política en materia de salvagarda de instrumentos financeiros e fondos de clientes. Esta política contén información precisa e actualizada sobre as medidas adoptadas polo BBVA para garantir a protección dos seus instrumentos financeiros e dos seus fondos. Ten á súa

disposición o detalle sobre esta política no noso web www.bbva.es.

O BBVA está adscrito ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito sito en C/ José Ortega y Gasset, 22, 28006 Madrid, enderezo electrónico: fogade@fgd.es, web: www.fgd.es, teléfono: +34 91 431 66 45.

Os depósitos monetarios garantidos teñen como límite 100.000 euros por depositante e, independentemente do límite anterior, ata un máximo de 100.000 euros polos depósitos en valores e instrumentos financeiros garantidos e confiados á entidade. No caso de que teña unha conta con varios titulares, este límite aplícase a cada depositante por separado.

QUE SON ESTES SERVICIOS?

- **Descrición dos servizos:**

- **Recepción e transmisión de ordes:** servizo de investimento que consiste en que vostede pode transmitir as ordes relativas aos valores polas canles habilitadas para ese fin, para que o banco as execute por si mesmo ou por medio dun intermediario. Tamén se inclúe, dentro deste servizo, a actividade de pór en contacto dous ou máis investidores, o que permitirá a realización de operacións entre eles.
- **Execución de ordes:** servizo de investimento que consiste na conclusión de acordos de compra ou venda dun ou máis valores por conta de clientes, incluída a celebración de acordos para vender valores emitidos por unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento no momento da súa emisión.
- **Custodia e administración de valores:** servizo auxiliar que consiste no mantemento dunha conta de valores, en ter ao día as súas posicións, facilitarlle o exercicio dos dereitos derivados da tenza da carteira, etc.
- **Cambio de divisas:** servizo auxiliar que consiste na compra ou venda de divisas cando estas estean relacionadas coa prestación dun servizo de investimento.

- **Información sobre a política de execución:**

O BBVA entregoulle un resumo da súa política de execución, o cal contén información, entre outros, sobre:

- o proceso de selección dos centros de execución,
- as estratexias de execución empregadas,
- os procedementos e procesos utilizados para analizar a calidade de execución obtida
- o modo en que o BBVA controla e verifica que se obtiveron os mellores resultados posibles para os seus clientes
- o total dos gastos en que pode incurrir
- os datos actualizados sobre calidade da execución de cada centro contemplado na política

Ten á súa disposición o detalle completo da política de execución no noso web www.bbva.es.

- **Salvagarda dos instrumentos sobre os que se presta o servizo de custodia:**

- **Posibilidade de subcustodia nun terceiro:** O BBVA utiliza subcustodios globais e/ou locais para realizar a operativa de liquidación e custodia nos distintos mercados internacionais onde realizan operacións os seus clientes. O BBVA dispón dun procedemento que detalla os criterios seguidos para a selección, designación e revisión dos subcustodios.
- **Utilización de contas globais:** A menos que a lexislación, prácticas locais ou a relación contractual cun subcustodio requiran outra cousa, os valores depositados en subcustodios manteranse nunha conta a nome do BBVA, pero por conta dos seus clientes en réxime de segregación omnibus (segregados da conta propia do subcustodio, pero non das posicións do resto de clientes do subcustodio). O BBVA identifica nos seus libros e rexistros os valores e os efectivos pertencentes aos clientes, tanto se se manteñen de forma directa como indirectamente a través de subcustodios.
- **Custodia fóra da Unión Europea:** O BBVA informa o cliente de que naqueles supostos nos que o intermediario no que se mantén a conta global estea suxeito ao ordenamento xurídico dun estado que non sexa membro da Unión Europea, os dereitos sobre os valores, en materia de propiedade e insolvencia, poden ser distintos aos que corresponderían se estivesen suxeitos á lexislación dun estado membro.
- **Dereitos de garantía, retención e compensación:** O Contrato de Custodia, Administración e Intermediación de valores configúrase como un acordo de compensación contractual segundo a lexislación española, de maneira que permite compensar o BBVA ante un incumprimento ou insolvencia dun cliente. As cláusulas de compensación e garantía en favor dos subcustodios exclúen os valores designados polo BBVA como titularidade dos seus clientes.
- **Utilización de valores dos clientes:** O BBVA non utilizará os valores pertencentes aos seus clientes en operacións de financiamento como préstamos de valores ou compravendas con pacto de recompra sen a súa autorización expresa

• **Necesidade de contratación doutros produtos ou servizos:**

- Para poder prestar os servizos de recepción e transmisión de ordes, execución, custodia e administración de valores, é preciso ter contratada connosco unha conta corrente na que anotaremos os cobramentos e pagamentos que deriven destes servizos, aínda que non é necesario que esta conta teña un uso exclusivo.
- Adicionalmente, poderá acceder a certa información en liña por canles dixitais, para cuxo acceso é preciso dispor dun contrato de multicanalidade, que non ten ningún custo para vostede

CALES SON OS CUSTOS ANUAIS?

A continuación, detállanse os custos máis habituais relativos aos servizos de **i) recepción e transmisión de ordes; ii) administración e custodia e iii) cambio de divisa:**

Operativa de compra ou venda de renda variable		Comisión BBVA			Bróker		Exemplo práctico			
de renda variable	Tipo instrumento	Comisión	Mínimo	Swift	Comisión	Mínimo	Suposto valor efectivo	Comisión total	Canon (1)	Taxas
SIBE, MAB / Bolsa española	Accións e ETP	0,60%	9€	--	--	--	6.000€	36€	5,37€	--
	Dereitos	0,60%	1,8€	--	--	--	6.000€	36€	5,37€	--
	Warrants	0,55%	9€	--	--	--	6.000€	36€	5,37€	--
Europa (Grupo1)	Accións, warrants, dereitos, ETP	0,85%	15€	2,4€	0,04%	6,00€	6.000€	59,40€	--	(2)
SETS-SEAQ (Londres)						7,01£	6.000£	53,4€+7,01£	--	(2)
USA (Grupo 2)					0,08%	10,0\$	6.000\$	53,4€+10\$	--	
Resto bolsas					0,25%	15€	6.000€	68,40€	--	(2)

Notas:

Base de cálculo das comisións: Valor efectivo da operación (prezo de execución x número de títulos)

Grupo 1 (Europa) = valores cotizados en euros das bolsas Euronext / bolsas de París (2), Ámsterdam, Bruxelas, Bolsa Milán (2), XETRA-Bolsa Frankfurt, Xontro-Bolsa Frankfurt, Bolsa Viena, Bolsa Helsinqui, Bolsa Atenas

Grupo 2 (USA) = NYSE / Bolsa Nova York, AMEX / American Stock Exch., NASDAQ, USA Pink Sheets

(1) As operacións na bolsa española executadas no SIBE (BME) están suxeitas a un canon que aplica a Bolsa en función do efectivo da operación, que será un custo adicional para o investidor. No exemplo práctico detállase o canon aplicable en 2017 para ese importe. A Sociedade Reitora da Bolsa pódese modificar en calquera momento (xeralmente con carácter anual)

(2) Algunhas bolsas, como as indicadas con esta chamada, aplican unha taxa ou imposto na compra de determinadas accións (non en todas), que será un custo adicional para o investidor. No momento de redacción deste documento (xaneiro 2018), estas taxas ascenden a: Bolsa Londres = 0,50 %

(+ £1 efectivos > £10.000), Bolsa París = 0,20 % e Bolsa Milán = 0,10 % (en todos os casos, sobre o valor efectivo).

Operativa de compra ou venda de renda fixa		Comisión BBVA			Exemplo práctico	
Centro de execución/mercado	Base de cálculo	Comisión	Mínimo	Swift	Suposto valor efectivo	Comisión Total
SEND, AIAF / Mercado español	Valor efectivo	0,60%	9,0€	--	6.000€	21€
Débeda pública española	Valor nominal	0,50%	6,0€	--	6.000€	30€
Mercados internacionais	Valor efectivo	0,40%	12€	2,4€	6.000€	24€

Comisións máis habituais no servizo de administración ou custodia de valores				Comisión BBVA		Exemplo práctico	
Concepto	Tipo Instrumento	Tipo de mercado	Base de cálculo	Comisión	Mínimo	Suposto valor efectivo	Comisión
Custodia	Renda variable	Nacional	Valor efectivo	0,20%	12€	6.000€	12€
		Internacional	Valor efectivo	1,00%	60€	6.000€	60€
	Renda fixa	Nacional	Valor nominal	0,80%	12€	6.000€	48€
		Internacional	Valor nominal	1,00%	60€	6.000€	60€
OPA	Renda variable	Nacional	Valor efectivo	0,35%	6€	6.000€	21€
		Internacional	Valor efectivo	0,40%	12€	6.000€	24€
Subscrición	Débeda pública	Nacional	Valor nominal	0,50%	6€	6.000€	30€
	Renda variable	Nacional	Valor efectivo	0,375%	5€	6.000€	23€
	Renda fixa	Internacional	Valor nominal	0,375%	5€	6.000€	23€
Amortización	Débeda pública	Nacional	Valor nominal	0,50%	6€	6.000€	30€
	Renda variable	Nacional	Valor efectivo	0,35%	3€	6.000€	21€
	Renda fixa	Internacional	Valor nominal	0,35%	3€	6.000€	21€

Existen outras comisións relativas ao Servizo de Administración e Custodia de Valores, que se encontran relacionadas no folleto de tarifas do BBVA (dispoñible en www.bbva.es / Información a clientes) e recollidas no Contrato de Administración e Custodia de Valores do BBVA.

Tipo de cambio en operacións en divisa: aplicarase o tipo de cambio vixente no BBVA en cada momento.

Estes custos figuran relacionados no folleto de tarifas do BBVA vixente en cada momento, dispoñible en www.bbva.es. Ademais, existe a posibilidade de que xurdan outros custos para vostede, incluído o pagamento de impostos non recollidos neste documento e cuxo pagamento non se realice a través do BBVA.

OUTRA INFORMACIÓN IMPORTANTE

- **Advertencia sobre gravacións:**
Vostede no contrato autorizaranos para que poidamos gravar todas as conversas que manteña connosco, xa sexan telefónicas ou comunicacións electrónicas, relacionadas cos servizos de recepción, transmisión e execución de ordes, así como a levar os rexistros correspondentes. Estas gravacións manteranse por un período de 5 anos e haberá unha copia á súa disposición, previa petición.
- **Como o/a imos informar sobre os instrumentos administrados ou custodiados:**
O banco informarao/a puntualmente da información esencial referente á execución das ordes que nos transmitise. Ademais, trimestralmente, comunicaremoslle, entre outros, a seguinte información:

- a) os datos de todos os instrumentos ao final do período.
- b) a contía de calquera beneficio devindicado ao seu favor en virtude da participación en operacións financeiras tales como pagamentos de dividendo en efectivo ou cupóns, así como a base de devindicación deste beneficio.
- c) valoración de mercado dos instrumentos, ou outra valoración, se a do mercado non está dispoñible.

No suposto de que a súa referencia de valores inclúa posicións en instrumentos financeiros aparcados ou operacións que impliquen pasivos contingentes, avisarémolo/a cando o valor inicial de cada un destes instrumentos financeiros se deprecia nun 10 % e posteriormente en múltiplos do 10 %, segundo estableza a normativa de aplicación.

- **Incentivos:**

O BBVA pode percibir da sociedade xestora ou dos distribuidores principais dos fondos ou sociedades de investimento obxecto de contratación, como distribuidor ou subdistribuidor destes, unha porcentaxe da comisión de xestión devindicada que pode chegar ata o 85 % desta e o 100 % da comisión de distribución (se existise). Pola súa natureza, a percepción das devanditas cantidades polo BBVA non implica en ningún caso un maior custo para o cliente.

Estes incentivos son concibidos para mellorar a calidade do servizo prestado e non prexudican o cumprimento da nosa obriga de actuar con honestidade, imparcialidade e profesionalidade, no seu mellor interese.

A entrega deste documento indica que recibiu esta información sobre o servizo de recepción e transmisión de ordes, execución, custodia e administración de valores e que preparamos para axudarlle a tomar con antelación suficiente a súa decisión de contratar.

bbva.es Rede de caixeiros BBVA Apps BBVA BBVA Contigo Liña BBVA 902 22 44 66 91 224 94 26 Desde o estranxeiro +34 91 374 73 68 Oficinas BBVA Redes sociais @bbva_esp BBVAespana